

Convocadas prazas nos Centros Residenciais Docentes para estudos postobrigatorios 2023/2024

Convócanse prazas de residencia nos Centros Residenciais Docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2023/2024.

PRAZO ORDINARIO:

- Para os solicitantes matriculados en BACHARELATO, entre o 7 de xuño e o 12 de xullo de 2023.
- Para os solicitantes matriculados en CICLOS FORMATIVOS, entre o 7 de xuño e o 1 de agosto de 2023.
- Publicación da listaxe provisional: o 22 de agosto de 2023.
- Prazo para formular a reclamación: ata 5 días hábiles despois da publicación da listaxe.
- Publicación da listaxe definitiva e da adxudicación de praza: O 4 de setembro de 2023.

PRAZO EXTRAORDINARIO:

- Cando feita a adxudicación de prazas no período ordinario existan no respectivo centro residencial prazas vacantes, abrirá un prazo de presentación de solicitudes do 4 ó 8 de setembro de 2023.
- Publicación da listaxe provisional: 18 de setembro 2023.
- Prazo para formular reclamación: Ata o 25 de setembro de 2023.
- Publicación da listaxe definitiva e da adxudicación de praza: 29 de setembro de 2023.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES: Páxina web da Consellería (edu.xunta.gal), taboleiros e páxina web dos respectivos CRDs.

REQUISITOS:

1. **Estar matriculado/a en estudos postobrigatorios non universitarios** nalgún dos centros docentes indicados no artigo 1 desta orde no curso 2023/24 (centros públicos ou privados concertados situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo).
2. **Non repetir curso** nin ter abandonado o curso iniciado. Non obstante, o alumnado que obtivo praza de residencia e non progresou ao curso seguinte ou abandonou o curso iniciado, poderá presentar solicitude de praza de residencia unha única vez máis para cursar un estudo distinto. Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, a Comisión de Valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e do informe da inspección educativa.
3. **Non ter sido expulsado/a** no curso anterior dun centro residencial nin estar sometido/a a un procedemento disciplinario en trámite, por algunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia descritas no artigo 15 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
4. **A persoa solicitante deberá estar matriculada** nunha modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.

b) Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade

Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e dos informes que se consideren oportunos.

Existen ademais **outros requisitos económicos** e unha **valoración académica** para obter unha praza bonificada ([*ver orde da convocatoria](#)).

PREZOS DA PRAZA ADXUDICADA:

A praza adxudicada pode ser gratuíta ou bonificada, en función da renda.

Adxudicación de praza de residencia gratuíta:

1. Cando a renda da unidade familiar sexa igual ou inferior ao limiar 2 fixado polo Real decreto 154/2022, do 22 de febreiro, do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2022/23, e se modifica parcialmente o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

2. Cando se trate de alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Adxudicación de praza bonificada: cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

a) Ata un 10 %: 661,04 €.

b) Máis do 10 % e ata un 20 %: 1.013,66 €.

c) Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.627,19 €. d) Máis do 30 %: 2.414,31 €.

O pagamento da cota anual deberá facerse efectivo ao inicio do curso, concretamente antes do 5 de outubro de 2023.

En caso de fraccionamento, como máximo en 3 prazos trimestrais, cada unha das cotas deberá facerse efectiva ao inicio do respectivo trimestre, concretamente antes do 5 de outubro de 2023, do 5 de xaneiro de 2024 e do 5 de abril de 2024.

SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente no centro residencial docente e en calquera dos lugares e rexistros establecidos na norma reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O formulario normalizado de solicitude e o de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo I e II), ademais estarán dispoñibles:

b) No portal educativo, enderezo <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/40089>

c) Nas dependencias dos centros residenciais docentes.